



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

XERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN

Anuncio

EDICTO

NOTIFICACION COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
A PONTENOVA	3º Trimestre-2018	Taxa auga, lixo, sumidoiros e canon auga Xunta de Galicia
BARALLA	3º Trimestre-2018	Taxa auga, lixo, sumidoiros e canon auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercer, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 10 de xaneiro de 2019.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-07-2016. A Deputada Delegada de Economía, Recadación e Facenda, Mayra García Bermúdez.

R. 0155

Anuncio

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 25/01/2019 e finalizará o día 25/03/2019, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e *concellos*:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
A PONTENOVA	3º Trimestre-2018	Taxa auga, lixo, sumidoiros e canon auga Xunta de Galicia
BARALLA	3º Trimestre-2018	Taxa auga, lixo, sumidoiros e canon auga Xunta de Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento.

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña

ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera oficina de ABANCA, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nesta entidade.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lugo, 10 de xaneiro de 2019.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-7-2016A Deputada Delegada de Economía, Recadación e Facenda, Mayra García Bermúdez.

R. 0156

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 15/01/2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón da Taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público... correspondente ao 1º SEMESTRE DE 2019.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 15/03/2019. Para o cobro dos mesmos, lles serán facilitados os correspondentes recibos en cada posto os días de feira.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria. A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 16 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0160

A FONSAGRADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 14.01.2019, apróbase o padrón fiscal correspondente ao mes de decembro de 2018 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 9575,39 € e Programa Básico de Axuda no Fogar por un importe de 790,80 €.

Exposición: O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Recursos: Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinalo e formular, contra o acto que se notifique perante a Xunta de Goberno Local, o recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no PRAZO DUN MES contado dende o día seguinte ao de finalización do devandito período de exposición pública do Padrón Fiscal. Contra a resolución recaída no recurso administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ao da presentación do desestimado, con efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. Nembargantes, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Carga de recibos domiciliados: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan endebedados nas contas dos seus clientes.

O que se anuncia e se fai público para xeral coñecemento do presente ANUNCIO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 14 de xaneiro de 2019.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 0161

LOURENZÁ

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 16/01/19 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos do cuarto trimestre de 2018, exponse ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións.

Establécese como período de cobro en voluntaria do 1 ó 20 de febreiro de 2019.

Lourenzá, 17 de xaneiro do 2019.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 0162

OUIROL

Anuncio

O Pleno do concello de Ouiról en sesión extraordinaria celebrada o día dezaseis de xaneiro de dous mil dezanove aprobou inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio 2019, as Bases de execución, o cadro de persoal, as fontes de financiamento e demais documentación que obra no expediente. En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría deste Concello, durante un prazo de quince días hábiles, que empezarán a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, coa finalidade de que durante o devandito prazo se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, e que deberán ir dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Ouiról, 16 de xaneiro de 2019.-O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 0163

O PÁRAMO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

SUMARIO

Acordo do Pleno do Concello de O Páramo polo que se aproba definitivamente a MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

TEXTO

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello sobre a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. **Art. 5.- Bonificacións.**

“Gozarán dunha bonificación do 50 % da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan actividades económicas (actividades agrícolas ou gandeiras) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras. Corresponderá dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do Pleno”.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

-Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

-Acreditación da titularidade catastral do inmueble.

-Certificacións acreditativas de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica nin coa Seguridade Social.

-Xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza/comunicación de actividade correspondente.

Previamente á súa aprobación, o concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello, calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello, poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro xeito, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

Disposición final.-

A modificación da ordenanza fiscal no referente a estas bonificacións , aprobada polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 9 de novembro de 2018, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2019, continuando en vigor e de aplicación o restante articulado da ordenanza, ata a súa modificación ou derogación expresa.

No que non estea expresamente previsto na modificación da presente ordenanza, rexerán os preceptos contidos na redacción anterior da mesma, así como os preceptos contidos na lexislación reguladora das facendas locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo) e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede en A Coruña.

O Páramo, 11 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Gumersindo Rodríguez Liz.

R. 0164

POL**Anuncio**

Pola presente, faise público a seguinte resolución da Alcaldía,

“DECRETO.- En Pol a 16 de xaneiro de 2019

Visto o resumo do Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga correspondente ao segundo trimestre do ano 2018 que ascende á cantidade de 19.429,87 euros.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o padrón da taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga correspondente ao segundo trimestre do ano 2018, por importe de 19.429,87 euros.

Segundo.- Expoñer ao público o padrón aprobado, mediante publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación.

Terceiro.- O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 21/01/2019 ao 21/03/2019 para o cobro de ditos padróns. Aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que se efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Ordénao e asínao o Sr. Alcalde-Presidente, don Lino Rodríguez Ónega, do que eu, Secretario-Interventor, don Froilán Pallín Seco, certifico."

Pol, 16 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0165

RÁBADE*Anuncio*

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **15 de xaneiro de 2019** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de **decembro de 2018**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 15 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0166

RIBADEO*Anuncio*

Por Acordo Plenario de data 31/07/2018 aprobouse definitivamente o Proxecto de urbanización relativo a Substitución do viario municipal polo viario SN-V2 coas modificacións resultantes das alegacións admitidas segundo o artigo 96 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos dos interesados.

Ribadeo, 15 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 0167

RIBAS DE SIL*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de 23 de xaneiro de 2019 apróbanse as Bases do proceso selectivo e convocatoria para a contratación de un/unha traballador/a social como persoal laboral temporal a xornada completa para substituír á traballadora social en situación de baixa de maternidade e vacacións:

Un/unha traballador/a social

Prazo de presentación de instancias: cinco días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación deste anuncio (de 9:00 h a 14:00 horas, no Rexistro xeral ou electrónica mente a través da Sede Electrónica do Concello), tamén poderán remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido na base quinta.

Bases do proceso de selección: publicadas na páxina web (www.concelloribasdesil.es), na Sede Electrónica do concello (<https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal>) e no Taboleiro de Anuncios municipal.

Ribas de Sil, 23 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 0236